Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a aprobación do Estatuto Profesional e a creación do Consello de informativos da CRTVG.

Hai case un ano que o cadro de persoal da CRTVG iniciou mobilizacións para reclamar o cumprimento real e efectivo da Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

No concreto, un aspecto importante recollido no artigo 36 da devandita lei que prevé –desde hai oito anos– a creación do Estatuto profesional entendido como “instrumento destinado a fortalecer a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos ofrecidos polas distintas canles de radio, televisión e internet”.

Parello a isto, contempla a “creación dun consello de informativos como órgano interno de participación dos profesionais da información da Corporación RTVG, co fin de velar pola independencia, veracidade e obxectividade dos contidos informativos difundidos por todas as súas canles”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, malia transcorrer oito anos da aprobación e entrada en vigor da lei non se ten cumprido motivando as denuncias do cadro de persoal e a vaga de mobilizacións que continúa a día de hoxe.

Non é a primeira ocasión en que o Bloque Nacionalista Galego ten reclamado no Parlamento a aprobación do Estatuto profesional e o Consello de informativos previstos na Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

De facto, a CRTVG, alén de incumprir o seu propio marco normativo, representa unha anomalía na nosa contorna. Neste senso, a maior parte das Corporacións de medios públicos audiovisuais no Estado español, teñen aprobados e en vigor os seus estatutos de información e/ou redacción. É o caso da Corporación da RTVE, que o aprobou en referendo entre o seu cadro de persoal o 18 de abril de 2008, sendo promulgado polo Consello de Administración o 14 de maio dese mesmo ano.

Tamén a axencia pública (EFE), conta co seu desde 2006, de igual maneira que a Corporación catalana de medios de comunicación (2018), EiTb ou a radiotelevisión valenciana (RTVV) desde o 2000.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cando vai aprobar o Estatuto profesional previsto no artigo 36 da Lei 9/2011 a CRTVG?

- E o Consello de informativos?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/04/2019 11:21:50

María Montserrat Prado Cores na data 10/04/2019 11:21:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 10/04/2019 11:22:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/04/2019 11:22:02

Noa Presas Bergantiños na data 10/04/2019 11:22:04

Xosé Luis Bará Torres na data 10/04/2019 11:22:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a saber que balance realiza o Goberno galego dos peches da xarda para artes menores levados a cabo no ano 2019.

Dende que se estableceu o novo modelo de reparto da xarda o sector está nun sinvivir.

O reparto é totalmente discriminatorio para a flota galega.

No sector de artes menores, as embarcacións que teñen como obxectivo esta especie puidemos comprobar a ruína do mesmo por ter que desprazarse ao Golfo de Vicaia, cos custes que tiveron, e o pouco que durou a pesquería, por non falar que desenvolveron a súa actividade ao lado de outras flotas en condicións discriminatorias.

Un mesmo barco galego, pescando a beira dun basco coas mesmas características, os mesmos tripulantes tivo dereito a pescar menos cantidade de xarda, menos días e no peor dos casos cando o prezo baixa a menor prezo que un barco basco ou cántabro.

Este o modelo que defende o Goberno galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isto fainos reflexionar sobre o modelo de xestión dunha pesquería estratéxica para o sector de artes menores como a da xarda, das medidas que se veñen impoñendo dende a Comisión europea, da xestión realizada polo Goberno español e a inactividade por parte da Xunta de Galiza, que é incapaz de definir unha estratexia para conseguir o mantemento da actividade da nosa flota e blindar o emprego que xera.

Ponse en evidencia unha xestión calamitosa, con un goberno galego sen iniciativa, incapaz de garantir os ingresos e o mantemento do emprego, con situacións discriminatorias e medidas de peche abusivas que unicamente contribúe á perda dun dereito de pesca histórico, a someter ao sector a unha pesca irregular e o abandono da actividade.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Que balance realiza da xestión da pesquería da xarda para artes menores?

Este modelo garante a actividade da flota?

Cantos días puido faenar unha embarcación adicada á pesca dirixida?

Cantos quilos puido pescar unha embarcación galega? E unha cántabra ou basca?

Cantos ingresos puido alcanzar as nosas embarcacións en contraposición a outras doutras comunidades?

Considera razoable o peche para artes menores?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trasladoulle a Xunta de Galiza algunha queixa ao Goberno estatal por esta situación?

Demandou outro modelo que tome medidas antes de ordenar o peche?

É este un modelo de control do esforzo pesqueiro acaído aos tempos que corren?
Quen vai asumir a responsabilidade de tanto desatino?

Para que serve a Xunta de Galiza se non é quen de defender un sistema que garanta unha actividade en igualdade de condicións e que exclúa a pesca accidental de estar sometida a cotas?

Non debería dimitir alguén por tanta irresponsabilidade e improvisación e someter ao sector a unha actividade onde ten que tirar o peixe morto ao mar ou pescalo irregularmente?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2019 18:31:58

Ana Pontón Mondelo na data 04/04/2019 18:32:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/04/2019 18:32:06

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2019 18:32:07

Noa Presas Bergantiños na data 04/04/2019 18:32:09

Xosé Luis Bará Torres na data 04/04/2019 18:32:11





Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á escolarización dos alumnos de Culleredo no IES REGO DA TRABE.

En Culleredo existe unha falla de planificación do sistema educativo que leva a ter infraestruturas infrautilizadas, mentres outras están saturadas, ate o punto de ter que utilizar barracóns. Esta falla de planificación fai que nenas e nenos dos colexios de primaria que están adscritos a un dos institutos teñan que ser separados dos seus compañeiros e ser repartidos noutro instituto.

Cómpre lembrar que ata o ano 2017 en Culleredo había catro colexios de primaria (Tarrío, Isaac Díaz Pardo, Sofía Casanova, Ría do Burgo), e ate o ano 2015 un único instituto de ESO, que dispoñía a maiores de bacharelato, o IES Blanco Amor, que recollía todo o alumnado da ESO de todos os colexios do concello. A maiores estaba o instituto de Formación Profesional IES Cruceiro Baleares que non tiña ESO, senón que recollía alumnado de bacharelato e FP.

No curso 2015/2016 inaugurouse un novo instituto, o IES Rego de Trabe, ao que adscriben dous centros de primaria, o CEIP Isaac Diaz Pardo e o CEIP Sofía Casanova. Inicialmente creado como liña 3, que para poder absorber as 2 clases de cada centro tivo que ampliarse a liña 4 de maneira temporal.

Nun principio este centro era suficiente para os alumnos recibidos pero unha vez de incluíu o bacharelato o centro quedou xusto de aulas, co cal o curso pasado reduciron de novo a liña 3, deixando fóra a 12 alumnos dos que estaban adscritos





neste centro. O problema o ano pasado agravouse ao non ter informado desta redución ás familias que non elixiron unha segunda opción e se viron obrigados a levalos ao outro IES do concello, o Blanco Amor, que segue a estar saturado.

Mentres tanto a falla de planificación levou a inaugurar o curso pasado un centro novo de primaria, o CEIP Culleredo con soamente 80 alumnos, e baleiraron aulas de bacharelato no IES Cruceiro Baleares, ao pasar a telo o IES Rego de Trabe.

Xa o ano pasado rexistramos unha iniciativa para tratar de revolver esta situación, porén, este ano vemos como se repite o problema, xa que o IES Rego de Trabe segue a ser de liña 3, mentres segue a ter dous colexios adscritos con dúas aulas cada un. De non buscar unha solución o próximo ano aínda será peor, porque os dous colexios terán 3 aulas en sexto de primaria, co cal se ten que buscar unha solución o antes posible.

A situación é especialmente desagradable para as familias que viven na zona de influencia do IES Rego de Trabe que teñen que desprazarse ao outro instituto, os pais e nais vense obrigados a levar ás súas fillas e fillos en transporte particular, xa que non se dispón de camiño público ata ese instituto seguro e iluminado, e non se facilitou a posibilidade tampouco de ter transporte público como compensación a ese desprazamento ao que obriga a propia Consellería de Educación coa súa falla de planificación.

O propio Consello Escolar de Culleredo xa se manifestou sobre o asunto para esixir a creación dos espazos suficientes no IES Rego da Trabe

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:





- Vai o Goberno galego atender as demandas da comunidade educativa de Culleredo abordando a zonificación para un mellor reparto do alumnado?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 04/04/2019 18:49:56

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/04/2019 18:50:03



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Na memoria dos orzamentos para o ano 2019 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e no relativo ao programa 422E – Ensinanzas artísticas, podemos ler que a consellaría intenta garantir que a oferta realizada ao seu alumnado se concrete no máis amplo abano de ensinanzas artísticas para que completen a súa formación, cunhas instalacións adecuadas.

Con respecto a isto último, segundo a propia consellaría, en materia de infraestruturas tense estudado a situación das ensinanzas artísticas na comunidade autónoma apreciándose como demandas máis relevantes as seguintes:

1. Demanda de reparacións, ampliacións e melloras nos centros de ensinanzas artísticas.
2. Demanda de novas dotacións e equipamentos e reposición do material deteriorado.

Pese ao anterior, e analizando as execucións orzamentarias dos anos 2016, 2017 e 2018 en relación ao orzamentado inicialmente, temos as seguintes evidencias, en miles de euros:

	2016	2017	2018	TOTAL
Crédito inicial	33.601	36.083	36.932	106.616
Obrigas recoñecidas	29.085	30.417	32.060	91.562
Diferenza	4.516	5.666	4.872	15.054

É dicir, nos últimos tres anos e con respecto ás previsións iniciais, as cantidades destinadas ás ensinanzas artísticas reducíronse en 15.054.000 € o que supón un 16,44 %.

Pese a que esa redución vén sendo constante, nos orzamentos para o ano 2019 no programa citado figuran 38.638.000 €, o que pode supoñer unha incoherencia entre a traxectoria das cantidades destinadas inicialmente e o necesario coñecemento do que realmente se gasta.



Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Considera a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que as demandas de reparacións, ampliacións e melloras nos centros de ensinanza artística, así como as de novas dotacións e equipamentos e reposición do material deteriorado están sendo atendidas adecuadamente?

2ª) Os 15.054.000 € que se reduciron nos últimos tres anos con respecto aos orzamentos iniciais, eran innecesarios para atender as demandas dos centros aos que se refire a pregunta anterior?

3ª) Existen demandas non atendidas nos centros?

4ª) Se non existen, porque se dota o programa 422E – Ensinanzas artísticas con 38.638.000€ para o ano 2019?

5ª) A que partidas se destinaron os 15.054.000 € que se reduciron nos últimos tres anos no programa 422E – Ensinanzas artísticas?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/04/2019 19:07:44

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/04/2019 19:07:51



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco, Concepción Burgo López e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A empresa de telemarketing Unitono Servizos Externalizados situada no Parque Tecnolóxico de Galicia, no concello de San Cibrao de Viñas (Ourense), dá traballo na actualidade a 130 persoas, a maior parte delas mulleres. Esta empresa leva prestando nos últimos dez anos dende esta plataforma, o servizo de atención telefónica ao cliente de Gas Natural Fenosa- Energy.

Recentemente dende o Grupo Socialista coñeciamos a través do Comité de Unitono Ourense, que a empresa podía estar xa comezando un proceso de deslocalización do servizo de atención ao cliente a Cataluña e a Colombia, motivos polos cales xa convocou paros e mobilizacións para frear o que podería ser un duro varapau para máis de 130 familias. Cunha repercusión moi importante para unha provincia na que hai moitos factores que seguen lastrando o seu tecido sociolaboral, por exemplo a taxa de actividade, que queda no 47,7 %, a máis baixa de España, moi por baixo da media galega (53,0 %) e española (58,6 %), e a taxa de ocupación que é dun 41,5 %, o que nos sitúa á cola de España onde a media é de 50,1 %, e tamén é a máis baixa de todo Galicia cun 46,6 %.

Observando a situación dos últimos meses, e tras a apertura por parte da empresa dun centro en Cataluña onde atenden as mesmas chamadas que en Ourense, está a tentarse baleirar de traballo este centro para que as chamadas sexan atendidas dende Cataluña ou Colombia, co obxectivo de abaratar custos e destruír emprego. Por outro lado, tendo en conta que gran parte das persoas usuarias dos servizos de Unitono Ourense son galegas, o feito da súa deslocalización impediría, de facto, que puidesen seguir recibindo atención na nosa lingua.

Este tipo de situacións véñense repetindo estes últimos anos no sector do telemarketing, sufrindo as traballadoras a presión da deslocalización dos servizos a países con salarios máis baixos, o que provocou centos de despedimentos en moitas compañías (en Galicia, por exemplo, en Atento ou Extel), ademais a situación de precariedade laboral que se vive no conxunto da sociedade, é aproveitada por estas empresas para ofrecer menos garantías laborais ao seu



persoal. De feito, a continuidade en Ourense da propia Unitono Servizos Externalizados leva anos en risco, sufrindo o seu persoal xa o ano 2013 un ERTE.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha durante a X lexislatura, un plan concreto para o sector do telemarketing, para garantir o mantemento dos postos de traballo na nosa comunidade autónoma?
2. En caso afirmativo, cando ten previsto poñelo en marcha?
3. Coñece a Xunta de Galicia a intención da empresa Unitono Servizos Externalizados, de deslocalizar a actividade da plataforma que ten no concello de San Cibrao das Viñas (Ourense), para trasladala a Cataluña e Colombia?
4. Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir o mantemento dos postos de traballo da empresa Unitono, situada no Parque Tecnolóxico de Galicia no concello ourensán de San Cibrao das Viñas?
5. Mantivo recentemente o Goberno galego reunións co comité de empresa de Unitono?
6. Púxose en contacto a Xunta de Galicia con Gas Natural Fenosa-Energy, para interesarse polas intencións da empresa de deslocalizar o seu servizo de atención ao cliente situado no Parque Tecnolóxico de Galicia, no concello ourensán de San Cibrao das Viñas?
7. En caso afirmativo, reclamoulle o goberno galego á empresa o mantemento dos postos de traballo?

Pazo do Parlamento, 05 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/04/2019 10:39:27

Patricia Otero Rodríguez na data 05/04/2019 10:39:33

Julio Torrado Quintela na data 05/04/2019 10:39:42

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/04/2019 10:39:48

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/04/2019 10:39:53

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Maria de la Concepción Burgo López na data 05/04/2019 10:39:59

Raúl Fernández Fernández na data 05/04/2019 10:40:05



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco, Concepción Burgo López e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan a esa Mesa a seguinte corrección de erros nos documentos con número de rexistro **48800, 48801, 48802, 48803 e 48804**.

Corrección de erros

Tanto na parte expositiva como na parte das preguntas, onde di: "...Gas Natural Fenosa-Energy...", debe dicir: "...Gas Natural Fenosa-Naturgy..."

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 11/04/2019 12:29:48

Patricia Otero Rodríguez na data 11/04/2019 12:29:54

Julio Torrado Quintela na data 11/04/2019 12:30:01

Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/04/2019 12:30:07

Jóse Manuel Pérez Seco na data 11/04/2019 12:30:13

Maria de la Concepción Burgo López na data 11/04/2019 12:30:21

Raúl Fernández Fernández na data 11/04/2019 12:30:26



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Consellería de Política Social publicou a Orde do 24 de agosto de 2018 pola que se regularon as bases que rexeron o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior e se convocaron en réxime de concorrência competitiva para os anos 2018 e 2019, orde que tiña como obxectivo aprobar as bases reguladoras polas que se rexería a concesión de axudas para a posta en marcha de experiencias piloto destinadas á atención de mulleres e homes maiores de 60 anos de idade, en situación de dependencia moderada e severa, grao I e grao II respectivamente, mediante o establecemento da casa do maior nos concellos de menos de 5.000 habitantes.

Entre a documentación que as persoas (físicas ou xurídicas) interesadas debían aportar atopábase, conforme ao artigo 11 k) da orde, a acreditativa da dispoñibilidade do inmovible durante o período subvencionado (escritura de propiedade, contrato de arrendamento ou documento de cesión).

Posteriormente, publicouse a Resolución do 31 de outubro de 2018, da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, pola que se publican os requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 24 de agosto de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrência competitiva para os anos 2018-2019.

Entre os requiridos, figuran dúas persoas que debían acreditar a dispoñibilidade do inmovible no que pretendían desenvolver a actividade, persoas que posteriormente resultarían adxudicatarias de axudas para o concello das Nogais (Lugo) conforme se establece na Resolución do 29 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, pola que se publica a resolución de concesión das axudas previstas na Orde do 24 de agosto de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior e se convocan en réxime de concorrência competitiva para os anos 2018 e 2019 (código de procedemento BS212A).



Debemos, polo tanto, supoñer acreditada a dispoñibilidade do inmovible necesario para o desenvolvemento da actividade por parte de ambas persoas.

Co ánimo de despexar posibles dúbidas, dado que ao parecer os inmovibles puideran ser propiedade do Concello das Nogais

Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) As persoas solicitantes que corresponden aos expedientes identificados como 36/2018/BS212A e 37/2018/BS212A teñen nesta data inmovibles á súa disposición para a posta en funcionamento de casas de maiores ao abeiro da Orde do 24 de agosto de 2018, antes citada, que son de propiedade do Concello das Nogais?

2ª) Se a resposta á anterior pregunta é afirmativa, que tipo de cesión ou contrato acreditaron? Que duración ten esa cesión ou contrato, e en que termos se estipulou?

Pazo do Parlamento, 8 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/04/2019 10:54:43

Noela Blanco Rodríguez na data 08/04/2019 10:54:51

Julio Torrado Quintela na data 08/04/2019 10:54:58



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os Socialistas consideramos prioritario que se destinen recursos a cubrir as carencias de persoal: PSX, de enfermería, auxiliar, médico, pediatría no sistema sanitario público galego, non obstante, non podemos deixar de observar e denunciar o deficiente estado que presenta o edificio que alberga o Centro de Saúde de Foz, que amosa un estado deplorable e unha falta de mantemento escandalosa.

Desde a súa construción e posterior ampliación, no exterior do edificio non se fixo ningún labor de limpeza e mantemento. Cunha simple ollada ao edificio do Centro de Saúde obsérvase o deterioro, así como as condicións de insalubridade nas que se atopa, debido aos verdíns e mofos que invaden o exterior da edificación, incumprindo así, por outra banda, as máis mínimas condicións de ornato que debe presentar calquera edificio público.

Xa que o Goberno do señor Feijóo anunciou que vai investir máis de medio millón de euros en poñer rótulos que definan como públicos diferentes hospitais, máis prioritario debería ser, facerse cargo de manter os edificios existentes, que coma no caso do Centro de Saúde de Foz necesitan actuacións urxentes de mantemento.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego das deficiencias que presenta o Centro de Saúde de Foz?

2ª) Ten pensado a Xunta de Galicia tomar algunha medida para corrixir estas deficiencias, así como efectuar o mantemento necesario no dito Centro de Saúde, se for o caso, en que prazo?

Pazo do Parlamento, 8 de abril de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 11:55:25
Nº Rexistro: 48853
Data envío: 08/04/2019 11:55:25.760

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/04/2019 11:54:41

Julio Torrado Quintela na data 08/04/2019 11:54:54

Noela Blanco Rodríguez na data 08/04/2019 11:55:00

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No ano 2015 nace a Asociación Galega de Albergues Privados (Agalber), coa finalidade de “*unir forzas*” para conseguir un “*camiño de futuro*”, segundo manifestaron os promotores da iniciativa.

A asociación comeza a súa andaina con máis dun centenar de establecementos e nos seus estatutos figura que son “*unha organización apolítica e sen ánimo de lucro que pretende representar, xestionar e defender os intereses profesionais e empresariais dos seus asociados*”.

Agalber pretende crear sinerxías de colaboración con outras organizacións do ámbito nacional e internacional como as asociacións do Camiño de Santiago ou o Xacobeo.

A asociación enviou dúas cartas, unha o 2 de outubro de 2018 e outra o 22 de xaneiro de 2019, á Consellería de Cultura e Turismo solicitando unha reunión co Sr. conselleiro para lle explicar o traballo que desempeñan, así como as iniquedanzas do sector.

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é motivo polo que a Consellería de Cultura e Turismo non recibe á Asociación Galega de Albergues Privados (Agalber)?

2ª) Ten pensado recibir a Consellería de Cultura e Turismo á Asociación Galega de Albergues Privados (Agalber), se for o caso, en que prazo?

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2019 17:46:32
Nº Rexistro: 48907
Data envío: 09/04/2019 17:46:32.620

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/04/2019 17:45:07

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/04/2019 17:45:22

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGfNB16Trp2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No mes de marzo de 2018 contestaba o Goberno galego, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, á pregunta número 25503, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre “o estado de execución no que se atopa o acordo parlamentario referido á realización dunha análise da viabilidade de crear un enlace directo entre a autovía Costa da Morte e o polígono industrial de Vimianzo, en dirección Camariñas, as súas conclusión e as previsións do Goberno galego ao respecto”:

“A Xunta de Galicia licitou o 31 de marzo de 2017 o contrato de servizo para a redacción do proxecto construtivo da ‘Primeira fase da prolongación da Autovía da Costa da Morte, treito Santa Irena-AC432’. O contrato adxudicouse o 24 de xullo de 2017 por un importe de 118.800,30 € (IVE incluído), atopándose a día de hoxe en redacción.

En canto á posible incorporación dun enlace co polígono industrial de Vimianzo, á data de hoxe estanse a elaborar as conclusións da análise de viabilidade da dita incorporación.”

Seis meses despois repetíase a pregunta, por parte do mesmo grupo parlamentario, e a resposta do Goberno, foi:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 25503, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 286, do 2 de abril de 2018.”

Podemos entender que transcorridos seis meses, o Goberno galego non tiña avanzado absolutamente nada para dar cumprimento ao acordo parlamentario do 10 de marzo de 2017, que establecía, entre outras cuestións: “... analizando a viabilidade debe incorporar un enlace co polígono industrial de Vimianzo, en dirección a Camariñas ...”.

Todo isto a pesar dos cambios acontecidos, como a chegada de Estrella Galicia a Vimianzo que vai supoñer un incremento de tráfico na vila. Por parte do Goberno



galego, segue sen atenderse a necesidade de crear un acceso directo da autovía da Costa da Morte ao parque empresarial que tería por obxecto, evitar o grave problema de tránsito rodado, que se verían obrigados a saír na AC 432, entrando en casco urbano, xirar á esquerda, entrar en pleno centro urbano de Vimianzo, e xirar á esquerda para coller a AC- 552. Trátase ademais dun xiro con moi pouca visibilidade e bastante perigoso, xa que alí están estacionados os furgóns de correos. Isto de ser así, crearía un gravísimo problema de tránsito rodado, tendo que entrar en casco urbano todo tránsito que proceda da zona norte (Coruña, Ferrol, Santiago e Madrid). Algo que non ocorre na actualidade coa AC 552.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) En que situación se atopa o acordo parlamentario de marzo de 2017, que xa contemplaba “analizar a viabilidade de incorporar un enlace co polígono industrial de Vimianzo, en dirección a Camariñas”?
- 2ª) Cales son as conclusións da análise de viabilidade realizada como consecuencia da aprobación desta proposición non de lei?
- 3ª) Ten pensado Goberno galego levar a cabo o enlace de incorporación ao parque empresarial de Vimianzo, se for o caso, en que prazo e cal é o orzamento?

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 09/04/2019 17:56:42

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/04/2019 17:56:55

María Luisa Pierres López na data 09/04/2019 17:57:04



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación cos investimentos realizados por Augas de Galicia nos concellos de Galicia, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a relación exhaustiva dos investimentos realizados por Augas de Galicia, con expresión do motivo e a contía de cada un deles nos concellos de Boiro, Dodro, Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Outes, Padrón, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018?

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 09/04/2019 18:35:40

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/04/2019 18:35:54



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación cos investimentos realizados por Augas de Galicia nos concellos de Galicia, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a relación exhaustiva dos investimentos realizados por Augas de Galicia, con expresión do motivo e a contía de cada un deles nos concellos de Cabana, Carballo, Coristanco, Laracha, Laxe, Malpica e Ponteceso, nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018?

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 09/04/2019 18:36:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/04/2019 18:37:11



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación cos investimentos realizados por Augas de Galicia nos concellos de Galicia, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a relación exhaustiva dos investimentos realizados por Augas de Galicia con expresión do motivo e a contía de cada un deles nos concellos de Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48919
Data envío: 09/04/2019 19:01:46.071

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 09/04/2019 18:59:53

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/04/2019 19:00:13

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O deficiente grao de cumprimento por parte do Goberno galego dos seus propios plans normativos anunciados tanto para o ano 2017 como para 2018 foi obxecto das correspondentes preguntas e propostas por parte do Grupo Parlamentario Socialista, para coñecer as causas e valoración deste grave deterioro da súa capacidade de iniciativa lexislativa, instándolle a corrixir esta situación.

A día de hoxe o Goberno galego non ten dispoñible no Portal de Transparencia o necesario informe de seguimento do plan normativo de 2018, comprobando novamente a incapacidade lexislativa do Goberno para presentar diante do Parlamento de Galicia os proxectos de lei que sistematicamente vén anunciando.

Transcorrido ademais o primeiro trimestre de 2019, non coñecemos as previsións normativas do Goberno galego para este ano.

Vémonos así de novo na obriga de requirir do Goberno galego que asuma os seus propios compromisos lexislativos, sendo polo demais unha esixencia legal en materia de procedemento común para todas as administracións públicas.

Seguimos así diante da lexislatura de máis baixa iniciativa lexislativa por parte do Goberno galego.

Ante esta preocupante situación, o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cando ten previsto o Goberno galego dar conta do grao de seguimento do Plan normativo de 2018?

2ª) Cando ten previsto o Goberno galego aprobar o Plan normativo de 2019?

3ª) Cales son as razóns que explican a incapacidade do Goberno galego para dar cumprimento aos seus plans normativos?



Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/04/2019 11:58:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/04/2019 11:59:12

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/04/2019 11:59:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No Consello da Xunta do 4 de abril de 2019, o Goberno anunciaba o futuro Plan de Atención a persoas sen fogar 2019-2023, indicando que “durante as vindeiras semanas será consensuado coas entidades sociais e os concellos en varias xuntanzas técnicas”.

Unha das medidas é, segundo a Xunta, “cuadriplicar o número de prazas en centros de inclusión, que pasará das 18 actuais a un mínimo de 80 no ano 2023”.

Outra proposta é na área de vivenda: “o Plan de atención ás persoas sen fogar 2019-2023 prevé poñer á disposición 100 vivendas para o aloxamento das persoas sen fogar, que sirvan como punto de partida para o seu acompañamento social”, sinalando a Xunta que se encadra na metodoloxía Housing First. Sinala a Xunta nos medios de comunicación que as vivendas seleccionadas para tal fin son das que a Xunta dispón a través da Consellería de Medio Ambiente.

Tamén se propón “elaborar un estudo sobre a situación específica das mulleres sen fogar e poñer en marcha un proxecto de acompañamento social dirixido a elas”.

Nos últimos tempos, as organizacións sociais detectan un aumento das mulleres sen fogar, estando estas nunha situación moito máis vulnerable que os homes. A súa presenza é menos visible e adoitan recorrer a outros medios, como pensións ou vivendas de coñecidos, o que fai máis "complexo" abordar a súa problemática.



Calcúlase que un 80,5% das persoas sen fogar son homes e o 19,5% son mulleres.

Segundo a psiquiatra Lucía del Río, que presentou estes datos na Iª Xornada sobre persoas sen fogar da comarca de Compostela, organizada polo Concello:

- As mulleres sen fogar sofren máis trastornos mentais que os homes (máis depresión, ansiedade, somatizacións, trastornos alimentarios...), e son máis graves; sen embargo, sofren menos adiccións. Ademais:
- Maternidade non desexada, abortos.
- Agresións sexuais, trauma.

Ademais, teñen menos estudos que os homes.

Segundo os datos amosados, o 40% das mulleres que viven na rúa sufriron algún tipo de agresión e o 24% foron vítimas de agresións sexuais.

En decembro de 2015, o goberno en funcións do Estado, para dar cumprimento a Resolucións do Parlamento Europeo sobre persoas sen fogar e vivenda (16/12/2010; 6/9/2011; 11/6/2013), aprobou a *Estrategia Nacional Integral para personas sin hogar 2015-2020*, medida sen memoria económica pero que recolle achegas e experiencias de importantes profesionais que poden orientar as primeiras medidas neste ámbito e que pretende ser un marco integral das políticas de atención ao colectivo de persoas sen fogar en todo o Estado, co obxectivo de erradicar o senfogarismo.

As políticas públicas da Xunta de Galicia –organismo no que recaen as competencias en materia de asistencia social – deben atender ás persoas sen fogar e transeúntes en colaboración cos municipios, pois trátase de persoas que non se radican nun único concellos. Estas políticas deben ir encamiñadas a eliminar as causas da exclusión social e a promover políticas activas de inclusión para as





persoas sen fogar, centradas na persoa e rexeitando medidas paternalistas, así como aplicar medidas de urxencia para garantir o dereito á vivenda.

No debate, o 29 de xuño de 2017, en Comisión 5ª dunha Proposición non de lei de En Marea pedindo unha Estratexia Galega de Atención a Persoas sen Fogar, o PP alegou, para votar en contra da mesma, que a Xunta estaba a traballar nun estudo sobre o senfogarismo en Galiza, que serviría de base para o deseño de futuras estratexias, e anunciou que este estudo se publicaría a finais de 2017.

A Xunta presentoulles ás entidades sociais as liñas estratéxicas do plan, que funcionará, segundo o Goberno, antes do verán, e que consta con persoal técnico social que axuda na reinserción e seguimento.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de EN Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

1. Cando se vai presentar o Plan de atención ás persoas sen fogar 2019-2023 no Parlamento de Galicia? Como se vai articular, xestionar e inspeccionar este Plan?
2. Cales van ser e cando as xuntanzas da Xunta con Concellos e entidades sociais?
3. Que titulación vai esixir a Xunta ao persoal técnico para a atención, seguimento e reinserción das persoas sen fogar? En que condicións laborais desempeñarán esas funcións?
4. Vai a Xunta impulsar unha política integral de atención ás persoas sen fogar?
5. Que vivendas (cantas e en que lugares) vai destinar a Xunta ao Plan de atención a persoas sen fogar 2019-2023?
6. Cal será o procedemento para acceder a estas vivendas? Serán os servizos sociais especializados ou os servizos sociais comunitarios os que tramitarán o acceso a estas vivendas?





7. Vaise atender especificamente á vulnerabilidade das mulleres sen fogar ante a violencia machista?

8. Que opinión ten a Xunta de que o PP votara en contra das medidas que agora sinala o Goberno que vai aprobar?

9. A que se debe a intolerable tardanza por parte da Xunta na implementación da *Estrategia Nacional Integral para personas sin hogar*?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 10/04/2019 12:25:18

Luis Villares Naveira na data 10/04/2019 12:25:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a redución dos prezos de matrícula dos mestrados en Galiza.

Desde a implantación do coñecido como Plan Boloña, isto é, a adaptación do sistema universitario galego ao Espazo Europeo de Ensino Superior (EEES), en Galiza tense imposto o modelo denominado modelo 4+1.

Nese marco, as antigas licenciaturas e diplomaturas desapareceron para, cursando os mesmos anos, dar paso a títulos de catro anos de grao e un de mestrado o que encareceu o custe dos estudos universitarios para o estudantado e as súas familias.

Actualmente, en Galiza, o prezo medio dos mestrados oscila entre os 1.300 e 1.900 euros agás naqueles de carácter habilitante, é dicir, indispensábeis para exercer determinadas profesións, como a docente. Estes últimos viron equiparadas as súas matrículas ás de grao no curso 2018-2019.

Avanzar no acceso en condicións de equidade aos estudos universitarios é unha cuestión de xustiza social, máis aínda cando o Estado español abriu a porta á convivencia do modelo 4+1 co 3+2, posibilitando ás Universidades (públicas e privadas) ofertar graos de tres anos e mestrados de dous, de acordo co RD 43/2015, masivamente rexeitado pola comunidade educativa desde a súa aprobación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a posibilidade de reducir os prezos de matrícula dos mestrados non habilitantes?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/04/2019 17:20:03

María Montserrat Prado Cores na data 10/04/2019 17:20:29

Ana Pontón Mondelo na data 10/04/2019 17:20:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/04/2019 17:20:32

Noa Presas Bergantiños na data 10/04/2019 17:20:33

Xosé Luis Bará Torres na data 10/04/2019 17:20:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as axudas para o libro galego no que se refire á tradución para outras linguas de obras publicadas orixinalmente en galego e á tradución para o galego de obras publicadas orixinariamente noutras linguas.

O 3 de decembro de 2018 a Xunta de Galiza publicou a orde pola que se regulan as axudas para o libro galego no que se refire á tradución para outras linguas de obras publicadas orixinalmente en galego e á tradución para o galego de obras publicadas orixinariamente noutras linguas.

Nas bases sobre a documentación que debe ser achegada polas editoriais para solicitar as devanditas axudas, o Goberno galego fixa como obriga que esta deberá ser presentada “obrigatoriamente nunha das dúas linguas oficiais de Galiza ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución, certificada pola editorial solicitante, que será responsable da veracidade da tradución”.

O grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento da situación producida cando unha editorial islandesa, interesada na obra dunha coñecida e recoñecida autora galega, Yolanda Castaño, solicitou estas axudas para traducir a súa obra achegando a documentación en portugués. Fíxoo, ademais, ao atopar dispoñíbel as bases da convocatoria nesta lingua, toda vez que o Diario Oficial de Galiza (DOG) é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

accesíbel en lingua portuguesa após a aprobación da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

A resposta da Xunta de Galiza foi notificar ao pouco tempo que ningún dos documentos achegados coa solicitude serían válidos xa que –e de acordo coas bases-- as empresas estranxeiras deben remitir a documentación traducida quer ao galego, quer ao castelán.

Galiza conta desde hai cinco anos cunha lei, a Paz Andrade, que insta a Xunta de Galiza, alén do máis, a promover o coñecemento deste idioma, en xeral, entre o conxunto da poboación e, en particular, entre o persoal da propia administración (artigo 3).

A relación da Xunta de Galiza co portugués, máis alá da aprobación da Lei 1/2014, continúa a ser timorata, isto é, de medo e escándalo perante situacións novas. Non son apenas as bases das axudas á tradución mostra diso, senón tamén a actitude que a administración e institucións públicas teñen, por exemplo, fronte ás autoras e autores de Galiza que optan por crear a súa obra –especialmente literaria-- en portugués ficando excluídas das convocatorias de premios e axudas.

Esta situación resulta un paradoxo contando, como contamos, cunha lexislación que encamiñada a ollar para a lingua portuguesa dunha maneira próxima e estratéxica. Non só a Lei Paz Andrade, a propia Lei do libro e da lectura de Galiza sinala no artigo 18, obriga á Xunta a realizar unha política de apoio para a apertura de novos mercados do libro galego, cunha atención especial para os mercados en lingua portuguesa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que opinión lle merece á Xunta de Galiza o tratamento que recibe a lingua portuguesa nas convocatorias de axudas á tradución dirixidas a editoriais de fóra do Estado español?

- Valora o Goberno galego a posibilidade de incorporar a lingua portuguesa entre as opcións para a presentación da documentación en futuras convocatorias toda vez que a orde de axudas é publicada, tamén, en portugués no DOG?

- No marco da Lei Paz Andrade e da Lei do libro e da lectura, pensa a Xunta de Galiza desenvolver algunha medida encamiñada a mudar a relación actual da administración coa lingua portuguesa e os países da lusofonía?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/04/2019 18:33:22

María Montserrat Prado Cores na data 10/04/2019 18:33:27

Ana Pontón Mondelo na data 10/04/2019 18:33:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/04/2019 18:33:30

Noa Presas Bergantiños na data 10/04/2019 18:33:31

Xosé Luis Bará Torres na data 10/04/2019 18:33:33



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, María Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral escrita.

A *Lista Roja del Patrimonio* é unha iniciativa da Asociación Hispana Nostra, que naceu no ano 2007, que ten por obxecto dar a coñecer e protexer aquela parte do patrimonio cultural e natural español en estado de abandono ou perigo, e polo tanto, en risco de desaparición, destrución ou alteración esencial dos seus valores.

A casa reitoral de Corcoesto acaba de ser incluída na *Lista Roja del Patrimonio*, indicando que existe risco de “derrube das cubertas da casa reitoral e pombal”. Establece ademais que “a casa é un claro exemplo da arquitectura tradicional das casas reitorais que se construíron na comarca de Bergantiños”.

Hai que ter en conta que nesa comarca un dos atractivos turísticos é o patrimonio cultural e arquitectónico, e unha boa parte del está formado por bens de carácter relixioso. É tal a súa importancia que mesmo por parte do Concello de Cabana se están a acometer actuacións para mellorar os tramos de acceso, pero non deixa de ser preocupante porque se espera un incremento da afluencia turística, pero non se están a tomar as medidas de seguridade necesarias nin por parte do Goberno galego, nin da Diocese de Santiago que non levou a cabo ningunha actuación para evitar os potenciais riscos para a seguridade das persoas que visitan a construción.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento o Goberno galego da situación na que se atopa a casa reitoral e o pombal de Corcoesto?

2ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de actuación para evitar os potenciais perigos aos visitantes do inmovible ante o risco certo de derrube das cubertas da casa reitoral e o pombal de Corcoesto, se for o caso, cando?

3ª) Mantivo o Goberno galego algún tipo de contacto coa Diocese de Santiago para tratar o estado de conservación da casa reitoral e pombal de Corcoesto?



Parlamento de Galicia, 10 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 11/04/2019 11:01:31

Maria de la Concepción Burgo López na data 11/04/2019 11:01:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/04/2019 11:02:01



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, María Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, solicitan a esa mesa se proceda a realizar unha corrección de erros advertidos no documento 49030. No primeiro parágrafo onde di: "... para a súa resposta oral escrita.", debe dicir: " ... para a súa resposta escrita."

Pazo do Parlamento, 12 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/04/2019 12:09:15

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/04/2019 12:09:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/04/2019 12:09:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

Non é a primeira vez que detectado un lume nun distrito determinado a motobomba non pode saír ou pode saír dependendo de quen estea de turno. E isto todo porque as baixas non se cubren.

E outro tanto acontece con xefes de brigada, brigadistas, emisoristas... é dicir, é un mal xeralizado nos efectivos contraincendios. Téñense dado casos de haber máis efectivos de baixa ca operativos.

Outro tanto acontece coas xubilacións, habendo neste momento preto de 150 prazas sen cubrir.

Todo indica que é unha tendencia consolidada da Administración e ós datos nos remitimos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón pola que non se cobren con regularidade e razoablemente as baixas tanto temporais coma definitivas no SPDCIF?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/04/2019 13:05:08

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2019 13:05:12

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2019 13:05:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2019 13:05:15

Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2019 13:05:17

Xosé Luis Bará Torres na data 11/04/2019 13:05:18



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa a elaboración dun protocolo de dislexia igual que se fixo co TDAH.

A dislexia é unha alteración de orixe neurobiolóxica, a miúdo xenética, que interfere na adquisición e o procesamento da linguaxe. É de gravidade variábel e maniféstase polas dificultades na linguaxe receptiva e expresiva, incluído o procesamento fonolóxico, a lectura, a escrita, a ortografía, a caligrafía e por veces a aritmética.

Caracterízase porque as adquisicións da persoa no ámbito da lectoescrita atópanse moi por debaixo do nivel esperado en función da súa intelixencia e a súa idade cronolóxica. É un problema de tipo cognitivo que afecta a aquelas habilidades lingüísticas asociadas á escrita, á memoria a curto prazo, á percepción e á secuenciación.

Os nenos e nenas disléxicos deben poñer tanto esforzo nas tarefas de lectoescrita que tenden a se fatigar, a perder a concentración, a se distraer e a rexeitar este tipo de tarefas. Ás veces pais, nais e profesorado procesan esta conduta como desinterese e presionan para acadar maior esforzo, sen comprender que estes rapaces/zas, realizando estas tarefas, síntese como se de súpeto, calquera de nós, nos viramos mergulladas nunha clase de escrita chinesa.

Existen ferramentas que se poden recoller nun protocolo para poder detectar este



trastorno de aprendizaxe e poder actuar na aula. O alumnado con dislexia pode aprender e ter éxito, tan só debemos saber e coñecer como afecta este trastorno ao seu proceso de aprendizaxe, como poñer en marcha adaptacións metodolóxicas ou de acceso que lles permitirán aprender en igualdade de condicións co resto dos compañeiros/as.

A finalidade dun protocolo é a detección precisa do tipo de dislexia para aplicar un tratamento individualizado adaptado á súa idade e síntomas. Cada alumno/a terá distintas necesidades e requirirá apoios específicos.

O 40% dos nenos e nenas que abandonan os seus estudos, teñen dislexia e/ou outras dificultades de aprendizaxe (DEAs) e o sistema educativo debe ter en conta ás súas diferenzas e necesidades.

Necesítase un marco legal porque un 10% da poboación está afectada por este problema, dos que a maioría están sen diagnosticar e, porén, carecen das medidas que poderían reducir o impacto nos seus estudos.

Estas dificultades xeran, asemade, ansiedade nos nenos e nenas que as padecen e nas súas familias e no seu profesorado, sobre todo cando non hai detección temperá. Moitas son as medidas que hai que levar adiante respecto aos e ás profesionais cualificados, material diagnóstico, horas de tratamento e intervención, docentes especialista e de apoio. Porén, é imprescindible unha coordinación absoluta entre os ámbitos sanitario e educativo e unha coordinación permanente entre todos os axentes involucrados no proceso educativo.

A pesares de que o dereito a recibir unha atención específica de acordo á dificultade vén recollido na Lei de Educación dende o ano 2006 (artigo 57, apartado 2), a realidade é que na nosa Comunidade Autónoma non existen





protocolos de detección nin de intervención, vulnerando o dereito a unha aprendizaxe en igualdade de oportunidades.

En Galicia existe un protocolo de consenso sobre “O trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario” dende o ano 2014. Pero non existe protocolo ningún no caso da Dislexia.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Pensa o Goberno galego poñer en marcha un protocolo similar ao que existe para a THA que permita diagnosticar e poder actuar na aula?
- 2.^a) Vanse por en marcha adaptacións metodolóxicas ou de acceso que lles permitan aos alumnos/as con este problema, aprender en igualdade, coas condicións metodolóxicas máis axeitadas?
- 3.^a) Van elaborar unha guía de apoio a profesionais?
- 4.^a) Dotarase este protocolo dos recursos orzamentarios necesarios que garantan o desenvolvemento das medidas de intervención?
- 5.^a) Permitirase ao alumnado con dislexia que poida optar a becas?
- 6.^a) Terán en conta na ABAU as características do alumnado con NEAE, o mesmo que noutras comunidades?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/04/2019 16:31:31

Luca Chao Pérez na data 11/04/2019 16:31:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga e Paula Vázquez Verao, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través da Secretaría Xeral da Emigración, dirixida por Antonio Rodríguez Miranda, asinaba o 5 de maio de 2017 un convenio de colaboración coa Federación Venezolana de Galicia – FEVEGA.

Este convenio asinado co presidente da Federación FEVEGA destinaba 20.000 euros para a posta en funcionamento das oficinas de información e asesoramento dirixidas a emigrantes retornadas en Ourense e Vigo.

Dito convenio renovouse o 19 de abril de 2018, asinándose para o mantemento das oficinas de información e asesoramento dirixidas a emigrantes retornadas en Ourense e Vigo por un importe de 35.000 euros.

FEVEGA constituíuse no ano 2009 na Estrada e é unha federación de asociacións e nas que participaron a Irmandade Venezolana da Estrada, a Asociación Ourenzá Venezolana "Alma Llanera", a Asociación Cultural Amigos de Venezuela de Vigo, a Asociación Cultural O Turpial da Coruña, a Asociación Venezolana de Lalín e a Asociación Sociocultural de Venezolanos en Santiago (Avesanti).

A FEVEGA e a Secretaría Xeral de Emigración asinaron este convenio polo que a primeira se compromete a informar, asesorar e ofrecer un servizo integral e completo aos emigrantes retornados, xurídico, coas administracións públicas e





realizar labores de acompañamento para favorecer a súa integración social e manter as oficinas para realizar estas funcións, entre outras.

A Secretaría Xeral de Emigración achega unha contía global para o ano 2017 desde a sinatura ata o 15 de novembro de 2017. Posteriormente, no DOG nº 109, do 8 de xuño de 2018, publicábase entre os convenios de colaboración subscritos, o convenio entre a FEVEGA e a Secretaría Xeral de Emigración para o mantemento das oficinas, convenio que non está a disposición no portal de transparencia da Xunta, o cal é unha anomalía.

<https://www.xunta.gal/consulta-convenios?accion=busqueda&entidad=12714>

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

1. Por que non está dispoñible na páxina de convenios da Xunta o Convenio de colaboración coa Federación Venezolana de Galicia para o mantemento de información e asesoramento dirixidas a emigrantes retornados en Ourense e Vigo asinado o 19 de abril de 2018? Vai asignar máis recursos a Xunta o ano 2019 con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 a esta entidade?
2. Por que non se puido abrir unha oficina propia da Xunta de Galicia que facilitase a tramitación das solicitudes ás persoas emigradas, cunha atención integral no marco da Estratexia Retorna 2020 e co apoio de ferramentas como o Portal Retorna?
3. A que se debe a externalización das funcións propias da Secretaría Xeral de Emigración nunha entidade sen ánimo de lucro?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019.





Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 11/04/2019 16:39:59

Carmen Santos Queiruga na data 11/04/2019 16:40:08

Paula Vázquez Verao na data 11/04/2019 16:40:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación dos arquivos en Galiza descrita polo Consello da Cultura Galega no seu último informe e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto, especialmente en materia feminista.

O Consello da Cultura Galega (CCG) publicou o Informe sobre os arquivos públicos de Galiza. Unha perspectiva de xénero e feminista elaborado polas autoras Dolores Pereira, Olimpia López e Mariám Mariño a instancias da Comisión de igualdade da institución.

Nas conclusións do pormenorizado estudo, o CCG fai especial énfase na pervivencia e reprodución de lóxicas androcéntricas e patriarcais que discriminan e invisibilizan as mulleres e a súa contribución á historia do noso país, tamén nos arquivos. Neste senso, o CCG presenta unha visión global e actualizada dos arquivos públicos en Galiza relativa a diferentes aspectos (traxectoria dos arquivos do CCG, características dos arquivos, iniciativas de xénero/feminismo/igualdade, arquivistas, tratamento e uso dos fondos documentais, formación, ferramentas non sexistas da lingua nos arquivos), segundo explican desde a propia institución.

Nas conclusións do informe as autoras e o Consello da Cultura Galega sinalan que se está a incumprir a lexislación.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, sinalan: “agás raras excepcións, representadas fundamentalmente nas web da UDC e da USC, os arquivos públicos en Galiza incumpren a Lei de transparencia no proceso de visibilización das e dos profesionais de arquivos. Non existen ferramentas accesibles que permitan coñecer o número de arquivistas, a súa formación, as prazas que ocupan e moito menos coñecer eses datos desagregados por sexos, e, de existir referencias, con frecuencia están desactualizadas”.

Así mesmo, continúa o estudo, “existen tamén nunha parte considerable dos arquivos analizados importantes carencias derivadas da falta de espazo físico, que bloquea os centros. É preciso que as administracións de que dependen tomen consciencia desta realidade e ofrezan solucións”.

Non é a primeira ocasión en que os problemas estruturais que atinxe aos arquivos galegos é denunciada. Coincidindo co Día internacional dos arquivos, o 9 de xuño de 2018, desde a Asociación Profesional de Arquivistas da Xunta de Galiza reclamaron máis persoal e mellores condicións de traballo, a posta en andamento de máis arquivos, así como máis medios e mellores infraestruturas para os que xa existen.

Cómpre lembrar que desde hai cinco anos Galiza conta cunha lei de arquivos e documentos (7/2014) que nas súas disposicións transitorias fixaba un ano para a aprobación dun plan de arquivos, que debía avaliar as necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galiza así como, tres anos para que os arquivos integrantes do Sistema de Arquivos de Galiza se adecuaran aos principios dispostos na devandita lei.

Porén, isto non ten acontecido. Moito menos, a política da Xunta de Galiza en materia de arquivos e documentos ten introducido a necesaria perspectiva de xénero para erradicar a perspectiva androcéntrica e patriarcal que impera, tamén, neste ámbito.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopa o Sistema de Arquivos da Xunta de Galiza?
- E o grao de cumprimento e desenvolvemento da Lei 7/2014 de arquivos e documentos de Galiza?
- Ten feito o Goberno galego o Plan de arquivos previsto na devandita lei?
- Que opinión lle merece o Informe obre os arquivos públicos de Galiza. Unha perspectiva de xénero e feminista?
- Ten previsto a Xunta de Galiza adoptar algunha medida ao respecto?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2019 17:11:27

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2019 17:11:33

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2019 17:11:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/04/2019 17:11:36

Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2019 17:11:37

Xosé Luis Bará Torres na data 11/04/2019 17:11:39



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O pasado 8 de abril de 2019 aprobouse a Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, co único apoio do PP e que terá consecuencias moi duras para o noso Patrimonio xa que, entre outras cousas, vai baleirar de contido o marco de intervención dos conxuntos históricos.

Esta lei contradí o Contido do Plan Especial de protección da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, texto específico para calquera actuación sobre o patrimonio no ámbito autonómico. Esta Lei tamén contradí a Lei de solo que di que a figura que ordena e planifica é un plan especial, cap 5. art 40, esnaquiza o patrimonio. Tamén contradí a propia Constitución, que recolle que a Administración ten que coidar o patrimonio. Cando unha lei se redacta dicindo que un plan especial non serve para nada, non podemos esperar que solucione, rexenere, e que sexa beneficiosa e positiva para Galicia.

A modificación do novo texto lexislativo só pode ser realizada mediante unha figura de desenvolvemento de planeamento específico como é a dun Plan Especial. É difícil de crer que este goberno aprobe esta Lei vetando a participación das entidades e personalidades que tiñan que asesorar e instar a que, de verdade fose “beneficiosa” para o noso país e non para os intereses privados. O que pretenden, entre outras cousas, é converter os concellos en axentes inmobiliarios para vender o noso patrimonio a prezo de saldo. A aposta





do Partido Popular polo mercado da desertización é un “infame exercicio de irresponsabilidade política”.

A inseguridade xurídica que crea é alarmante. Non se pode tratar de maneira uniforme, os conxuntos son distintos. Non podemos perder a memoria social que representa os valores dos conxuntos históricos. É a través da materialidade, como nos lembran arqueólogos e arqueólogas, que podemos explicar como foron as sociedades do pasado. Esta lei vai en contra, asemade, da lei de Kracovia. Un cóctel lexislativo perfecto para permitir a barra libre e seguir desaproveitando posibilidades reais de rehabilitación e rexeneración habitacional e patrimonial.

Podería e debería facerse posible outro modelo. Unha lei para conectar as actuacións de rehabilitación do rural con políticas económicas, sociais e ambientais que garantan un rural vivo e con futuro. Unha lei de rehabilitación, renovación e rexeneración real e non un cheque en branco para os axentes da especulación inmobiliaria e urbanística.

Non hai rehabilitación se non hai emprego, non hai renovación se se pechan escolas, non hai rexeneración se minguan os orzamentos para a atención da dependencia. Redactaron un proxecto de lei para habilitar e rehabilitar malas políticas inmobiliarias e a especulación irresponsable á procura de beneficios inmediatos a costa da destrución de posibilidades de futuro. Coas leis do Partido Popular, Galiza é un territorio de usar e tirar e as persoas tan só unha reserva de man de obra precarizada abocada á emigración.

A aprobación desta lei é outro exemplo, do sistemático programa de desmantelamento dos servizos públicos e do profundo desprezo polo patrimonio cultural que amosa o PP.





Só os inmobles declarados Ben de Interese Cultural (BIC) ou con protección integral terán que seguir contando cun permiso previo do departamento de Patrimonio da Xunta para someterse a obras de reforma. Esa é a principal medida que o Goberno galego introduce na súa Lei de rehabilitación. A lei elimina controis en todo tipo de obras tanto no exterior como no interior de milleiros de inmobles en toda Galicia, tamén os que se atopan en cascos históricos declarados BIC pero non contan con protección individual, ou os situados nas parroquias polas que pasan os camiños de Santiago.

Os propietarios poderán reformar vivendas tanto nos cascos históricos como nos camiños de Santiago sen permiso autonómico previo. O propio Goberno galego cifra en máis de 3.000 ao ano as actuacións que con esta modificación legal quedarían libres do control por parte de Patrimonio. A exención do control de Patrimonio tamén afectará a todas as vivendas que ata o de agora o precisaban por situarse en parroquias polas que pasan os distintos camiños de Santiago. En todos os casos, sen embargo, seguirá sendo necesaria a licenza municipal de obras.

A eliminación do control de Patrimonio chegará a todo tipo de traballos: “cambios de cuberta e actuacións en carpinterías exteriores, fachadas ou no interior de edificacións”. Do mesmo xeito, “a nova normativa permitirá agregar edificios entre si a través dunha unión interior” e “posibilitará a unión de locais de negocio aínda que pertencen a distintas vivendas ou a demolición e reforma da fachada en edificios con protección ambiental se se atopan en situación de ruína”.

Polo anterior, as deputadas que asinan presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª.) Como pensan garantir a protección e conservación do patrimonio cultural





arquitectónico e arqueolóxico galego cando se pretende obviar as proteccións derivadas da Lei do patrimonio cultural de Galicia e dos plans especiais de protección xa existentes?

2ª.) Están a ter en conta que se poden perder e destruír valores arquitectónicos, arqueolóxicos e ambientais que atesouran os centros históricos, os núcleos parroquiais e os territorios históricos dos Camiños de Santiago, moitos deles recoñecidos coa máxima categoría de protección legal como bens de interese cultural (BIC), e, incluso, algúns incluídos na Lista do Patrimonio Mundial da Unesco -cidade histórica de Santiago de Compostela, Camiños de Santiago Francés, Norte pola Costa e Primitivo-?

3ª.) Como pensan resolver as contradicións e a inseguridade xurídica que provocará a aprobación desta lei en relación coas proteccións derivadas, fundamentalmente, da devandita Lei do patrimonio cultural de Galicia, pero tamén da Lei do solo de Galicia e máis das figuras de planeamento que protexen e regulan moitos dos bens e ámbitos que se poden ver afectados?

4ª.) Son conscientes de que se podería incorrer nun suposto de espoliación de bens integrantes do patrimonio histórico español (PHE), entendida como toda acción ou omisión que poña en perigo de perda ou destrución de todos ou de algún dos valores dos bens que integran o PHE ou perturbe o cumprimento da súa función social?

5ª.) Por que o Goberno non aceptou o requirimento do Consello da Cultura Galega así como da Consellería de Cultura e Turismo, e de modo expreso dos servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural?





6.^a) Son conscientes de que poden incorrer nun suposto de inconstitucionalidade por incumprir o artigo 46 da norma constitucional, que establece como obrigas fundamentais que vincula a tódolos poderes públicos a protección e o enriquecemento dos bens que integran o patrimonio histórico español?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019.

Asdo.:Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/04/2019 17:13:09

Luca Chao Pérez na data 11/04/2019 17:13:15



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No artigo 54, anexo V, da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 consignáronse os créditos iniciais destinados ás corporacións locais de Galicia. A contía deses créditos, logo de diversas modificacións orzamentarias, ascenderon ao longo do ano 2018 á contía de 373.646.956 €, Pero na súa execución real ao longo do exercicio deixaron sen gastar unha contía moi importante, de máis de 54 millóns de euros. Así esta, entre outras cuestións, pode axudar a entender por que se alcanzou un superávit por parte das contas da Xunta de Galicia, cando non se executan os gastos previstos.

Non é o primeiro ano, senón que constitúe unha constante, que por parte do Goberno galego non se executen ao longo do exercicio as diversas contías asignadas orzamentariamente aos concellos, a través dos diversos programas da Xunta de Galicia. O que constitúe un exemplo de deficiente xestión, pois como é sabido son cantidades non recuperables que ao final do exercicio se perden, e que veñen a contribuír á escaseza xeneralizada de financiamento de moitas das nosas corporacións locais.

É preciso, polo tanto, modificar tal xeito repetitivo de actuar por parte da Xunta de Galicia, polo que a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Cales foron as razóns polas que o Goberno galego deixou sen executar máis de 54 millóns de euros do exercicio 2018 destinados ás corporacións locais galegas?
- 2ª) Considera o Goberno galego que os concellos de Galicia están suficientemente financiados?
- 3ª) Cando vai acometer o Goberno galego o financiamento das entidades locais galegas por lei?

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 18:24:54
Nº Rexistro: 49095
Data envío: 11/04/2019 18:24:54.134

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/04/2019 18:19:27

Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/04/2019 18:19:34

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Vilán Lorenzo e María Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Augas de Galicia é a entidade adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que asume as competencias sobre o conxunto da Administración Hidráulica de Galicia.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten elaborado a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o Plan estratéxico de subvencións da súa consellería e dos organismos dela dependente, segundo establece a Lei 9/2007, de 9 de xuño, de subvencións de Galicia?



2ª) Cales foron os criterios empregados pola entidade Augas de Galicia para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos no ano 2018?

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/04/2019 18:03:30

Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/04/2019 18:03:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/04/2019 18:03:45

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/04/2019 18:03:52

María Luisa Pierres López na data 11/04/2019 18:04:03



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

